

ANEXO DE INFORMACIÓN PÚBLICA
DO EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA
TREITO: MILLADOIRO – ESTACIÓN INTERMODAL

CLAVE: AC/22/085.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do anexo de información pública complementaria do proxecto AC/22/085.06 Eixo de mobilidade sostible en Santiago de Compostela. Treito Milladoiro- Intermodal, é definir a solución óptima dun novo trazado da senda no entorno do Banquete de Conxo, considerando múltiples aspectos como o cultural, ambiental, funcional, etc.

Mediante a alternativa seleccionada para o novo trazado da senda no entorno de Conxo, a senda se afasta da canle do río Sar, deixando de afectar á zona de fluxo preferente, evita o paso polo Bosque do Banquete de Conxo, se arreda do mosaico e deixa de pasar polo seu entorno.

O novo trazado evita o paso polos terreos contemplados no plan especial de Conxo.

2. Plan de Estradas

As estradas/rúas nas que se proxectan as actuacións son de titularidade local.

3. Descrición da Actuación

O novo trazado da senda comparte o trazado co proxecto construtivo AC/22/085.06 ata o p.q 3+660, punto no que, en lugar de seguir cara o Banquete de Conxo (oeste), se afasta do mesmo en dirección este. Para isto sube ata a cota do aparcadoiro do Hospital Provincial de Conxo cunha aliñación de curva a dereita e curva a esquerdas e segue o pequeno camiño existente que leva á rúa de Nogueira de Conxo. No punto de conexión co aparcadoiro é necesario demoler un pequeno treito do muro existente.

Unha vez alcanzado o nivel do aparcadoiro a senda ciclista continúa polas prazas de aparcamento situadas no perímetro oeste. Co obxecto de non suprimir prazas cámbiase a distribución das prazas en batería a 90° por prazas en espiña de pez, mantendo o número de aparcamentos. As prazas se pintan de novo conseguido un mellor aproveitamento do espazo e a mellora da seguridade viaria.

A senda ciclista continúa polo perímetro do aparcadoiro, eliminando a pequena beirarrúa que na actualidade se atopa balizada e que non conta coas medidas mínimas para o seu uso. Na zona do illote de acceso ao aparcadoiro propónse un axuste que permite manter o número de prazas existentes polas. Tamén se inclúe a sinalización horizontal e unha modificación dos percorridos dos vehículos.

A la altura do paso de petóns existente na rúa de Ramón Baltar a senda cambia de marxe e se sitúa paralela a beirarrúa, para o cal e necesario executar un desmonte, finalmente conecta co p.q. 4+260 do proxecto construtivo descendendo ata o muro da entrada do Bosque del Banquete de Conxo, o que fai necesaria a demolición dun pequeno tramo deste.

A senda adaptase a pendente natural do terreo polo que discorre, tratando de minimizar a pendente do itinerario.

Outras modificacións do trazado:

- Paso sobre o emboquille do túnel ferroviario da liña 824 Redondela – Santiago de Compostela: no P.Q. 2+550 a senda desprácese cara o este xa que no proxecto construtivo se localizaba moi próxima a monteira do emboquille.
- Parque Eugenio Granell: demoleranse algúns treitos peonís debido a duplicidade de percorridos, aumentando a zona verde. Tamén se eliminará o ramal que enlaza coa rúa do Escultor Camilo Otero.
- Zona de hortas urbanas Intermodal: no P.Q. 5+640 no proxecto construtivo a senda discorría polo interior das hortas urbanas do Concello de Santiago de Compostela, co novo trazado a senda peonil independízase da ciclista, así a senda peonil execútase en saburra e segue o sendeiro perimetral existente situado entre a rúa Clara Campoamor e as hortas, ampliando o camiño cun pequeno movemento de terras mentres que o carril ciclista, de formigón poroso, aproveita parte doutro camiño perimetral existente de xeito que se reduza a afección as hortas.

4. Características técnicas

Sección tipo: No entorno do banquete de Conxo a senda presentará unha sección de tres metros de anchura. Na zona das hortas urbanas a senda ciclista terá unha anchura de 3 m. e se independiza da senda peonil que seguirá un pequeno sendeiro perimetral de 2,5 m.

Firmes e pavimentos:

Senda compartida(ciclista e VMP) entorno de Conxo: 20 cm solo adecuado + 15 cm saburra ZA 0/20 + 18 cm formigón poroso.

Senda peonil: 20 cm se solo adecuado + 20 cm saburra ZA 0/20

Redeseño do aparcadoiro Hospital Provincial de Conxo: implica a demolición e pavimentación parcial dos viais en función da nova disposición.

- Beirarrúas: demoleranse as que interfiran co carril bici e pavimentaranse en base a nova xeometría coa seguinte sección: 20 cm solo adecuado + 20 cm baldosa hidráulica de 30x30x5 cm sobre 15 cm de soleira con maiazo. O bordo adxacente da calzada será tipo A1.

- Zonas de cruce con outras viais: pavimento de baldosas táctiles e cor diferente ao itinerario peonil onde se encontren situados. Nos pasos de peóns executaranse franxas de pavimento táctil direccional formado por lousas acanaladas.

- Zonas destinadas ao tráfico rodado (carrís e aparcadoiro): 5 cm de fresado nos casos que sexa necesario + 5 cm de formigón bituminoso en quente AC 16 surf BC 50/70.

Drenaxe:

- Drenaxe transversal de senda e carril bici: nas zonas non urbanizadas proxéctanse caños que evacúen a auga de escorrentía cara puntos de desaugue natural. No treito inicial onde discorre por un entorno rural propónse unha rede de drenaxe formada por gabias en terras, colectores, emboquilles e gabia drenantes. No treito do aparcadoiro do Hospital Provincial de Conxo deséñase unha rede drenaxe formada por sumidoiros e colectores.

5. Concellos Afectados

Santiago de Compostela y Ames

6. Expropiacións

O novo trazado da senda supón a desafección de 10 parcelas respecto ao proxecto construtivo. En total a superficie de desafección suma 781,59 m²:

- Parcelas desafectadas de titularidade privada: 6
- Parcelas desafectadas de titularidade pública: 4

As parcelas afectadas polo novo trazado da senda son un total de 18 e suman un total de 1.829,28 m².

- Parcelas afectadas de titularidade privada: 14
- Parcelas afectadas de titularidade pública: 4


Expropiacións : 12.804,94 €.-

Bens afectados: 510,00 €.-

Premio afección 5%: 665,75 €.-

Total expropiacións e indemnizacións: 13.980,71€

PLANO DE SITUACIÓN



PLANO XERAL DA SENDA NO ENTORNO DE CONXO E O HOSPITAL PROVINCIAL DE CONXO



SECCIÓNS TIPO DA SENDA NO ENTORNO DE CONXO E O HOSPITAL PROVINCIAL DE CONXO

